



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Enfermaría Comunitaria II	Código	661G01019	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Profesorado	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O propósito desta materia é capacitar a/o estudante para desenvolver os cuidados nos doentes con problemas de saúde prevalentes na comunidade. Para ilo integraranse os conceptos da promoción da saúde, prevención da enfermidade, a atención curativa, paliativa ou rehabilitadora, segundo leva a cabo a enfermeira de familia e comunitaria o seu exercicio profesional coa colaboración intersectorial, participación da comunidade e a autorresponsabilidade dos cidadáns.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A26	Capacidade para describir os fundamentos do nivel primario de saúde e as actividades a desenvolver para proporcionar un coidado integral de enfermaría ao individuo, a familia e comunidade.
A27	Comprender a función e actividades e actitude cooperativa que o profesional desenvolverá nun equipo de Atención Primaria de Saúde.
A28	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A33	Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B18	Desenvolver a capacidade de liderado.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.



C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Descibir o concepto, fundamentos e desenvolvemento da atención primaria de saúde.	A26	B1 B3 B8	C1 C7
Definir o concepto de traballo en equipo de saúde, os principios que o determinan e identificando o rol da enfermeira/o comunitaria.	A27	B1 B3 B6 B11 B12 B13 B18 B22	C1 C4 C6 C7 C10 C11
Identificar as necesidades de coidado da persoa, grupos e comunidades.	A28 A29 A30 A33	B1 B6 B11 B16	C1 C4 C6 C10
Identificar os problemas de saúde (diagnóstico de enfermaría e/ou complicacións potenciais) na persoa, grupos e comunidades.	A28 A29 A30 A33	B1 B3 B8 B11 B13 B18 B20 B24	C1 C4 C7
Planificar coidados de enfermaría para os problemas de saúde das persoas, grupos e comunidades.	A28 A29 A30 A33	B3 B6 B8 B11 B12 B13 B16 B20 B24	C1 C4 C6 C7 C10 C12
Identificar e desenvolver as diferentes fases dos programas de prevención, promoción e educación para a saúde.	A26 A27 A28 A29 A30 A33	B1 B3 B6 B8 B12 B13 B16 B20 B22 B24	C1 C4 C6 C7 C11 C12



Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE TEMÁTICO I.- Atención Primaria de saúde e saúde comunitaria	<ul style="list-style-type: none">- Conceptualización e evolución do concepto de saúde.- Factores determinantes da saúde: Biolóxicos, ambientais, estilo de vida e sistema sanitario.- Repercusión dos determinantes da saúde na saúde individual, familiar e comunitaria.- Saúde pública e saúde comunitaria.- Definición de Atención Primaria. Evolución Histórica.- Estrutura e organización da Atención Primaria en España e en Galicia.- A comunidade como obxectivo da Atención Primaria. Concepto de comunidade e saúde da comunidade. Diagnóstico de saúde na comunidade.- Programas e intervencións de promoción da saúde comunitaria. Programa de actividades preventivas e de promoción da saúde (PAPPS). A prevención da enfermidade. Niveis e tipos.- Modelo de atención primaria orientada cara a comunidade (APOC).
BLOQUE TEMÁTICO II.- Equipo interdisciplinario de salud	<ul style="list-style-type: none">- Composición e funcións do equipo de saúde.- A enfermeira de familia e comunitaria dentro do equipo de Atención Primaria. Modelos organizativos de prestación de cuidados.
BLOQUE TEMÁTICO III.- Enfermería Familiar e Comunitaria	<ul style="list-style-type: none">- Cuidados de enfermaría a nivel primario de saúde.- Competencias da enfermaría familiar e comunitaria.- Modelos organizativos do traballo da enfermaría comunitaria.- Modalidades de atención de enfermaría familiar e comunitaria: consulta de enfermaría. Instrumentos de atención directa: entrevista clínica, entrevista motivacional.- Calidade en Atención Primaria de Saúde e en Enfermería Comunitaria.- A familia como unidade básica de atención da enfermaría de familia e comunitaria.- Atención Domiciliaria. Características. Etapas da atención domiciliaria. Programa de atención ao paciente inmobilizado.
BLOQUE TEMÁTICO IV.- Atención de enfermaría nos problemas de saúde prevalentes na comunidade	<ul style="list-style-type: none">- Concepto de plan da saúde. Etapas dun plan de saúde. Concepto de programa de saúde. Metodoloxía da programación de saúde.- Participación da enfermaría familiar e comunitaria nos distintos programas e procesos de saúde.- Programa de atención na infancia e na adolescencia.- Programa de atención á saúde sexual, reprodutiva e de xénero. Detección e prevención da violencia de xénero.- Programa de atención ao adulto. Programa galego de vacinación ao adulto.- Programa de atención ao ancián e ao enfermo terminal.- Procesos e subprocesos de enfermaría na atención integrada dos problemas de saúde prevalentes na comunidade. Atención de enfermaría na Hipertensión Arterial.- Atención de enfermaría na Diabetes Mellitus. Técnica da retinografía. Prevención do pé diabético.- Atención de Enfermería no paciente con Enfermedad Obstrutiva Crónica. Asma. Técnica da espirometría.- Atención á saúde ante situacións de fragilidade ou risco sociosanitario.- Atención de enfermaría ao doente con úlceras ou lesións cutáneas.



BLOQUE TEMÁTICO V.- Educación para a saúde	<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de Educación para a Saúde. Obxectivos. Axentes. - Métodos e técnicas didácticas na educación sanitaria. - A Comunicación e a Educación para a Saúde.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B6	1	0	1
Sesión maxistral	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B3 B6 B16 B20 B24 C6	19	38	57
Aprendizaxe colaborativa	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B3 B6 B8 B11 B12 B13 B16 B18 B20 B22 B24 C1 C4 C6 C11 C12	14	10	24
Traballos tutelados	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B3 B6 B8 B11 B13 B20 C1 C4 C6 C7 C10 C11 C12	5	25	30
Proba de resposta múltiple	A26 A27 A29 A30 B3 B8 B16 B20 B24 C7 C10 C11 C12	2	35	37
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Proba de resposta múltiple Sesión maxistral Traballos tutelados	<p>A atención personalizada relacionada coa Proba de Resposta Múltiple ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo dos bloques temáticos da materia. Farase de forma individualizada, de maneira presencial (na aula ou no horario de titoría) ou a través do correo electrónico, Teams ou Moodle.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Traballo Tutelado ou coas tarefas da Aprendizaxe Colaborativa ten como finalidade orientar, apoiar e motivar ás/aos estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial (nas sesións de grupo de 20 persoas ou no horario de titoría) ou a través do correo electrónico, Teams ou Moodle.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B3 B6 B8 B11 B12 B13 B16 B18 B20 B22 B24 C1 C4 C6 C11 C12	<p>Realizarase en grupos de 5 persoas ou menos. Cada grupo deberá solucionar as tarefas propostas pola docente. Para a avaliación empregarase unha rúbrica específica onde se valorará:</p> <ul style="list-style-type: none">- Presentación (escrita e oral): 2 puntos- Estrutura: 2 puntos- Contidos: 4 puntos- Fontes consultadas: 2 puntos <p>A asistencia e participación nesta actividade, a través dos grupos de traballo é obrigatoria. O alumnado deberá seguir as indicacións para levar a cabo as tarefas, subindo semanalmente o traballo desenvolto ao Moodle para o seu seguimento e avaliación final.</p>	15
Proba de resposta múltiple	A26 A27 A29 A30 B3 B8 B16 B20 B24 C7 C10 C11 C12	<p>A proba incluírá preguntas sobre os 5 bloques temáticos que compoñen a materia.</p>	60
Traballos tutelados	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B3 B6 B8 B11 B13 B20 C1 C4 C6 C7 C10 C11 C12	<p>Esta metodoloxía desenvolverase entre 2-3 alumnos de xeito progresivo a partir dunha proposta validada pola docente. A avaliación dos traballos realizarase mediante unha rúbrica específica onde os aspectos a valorar serán:</p> <ul style="list-style-type: none">- Presentación e estrutura: 1 punto traballo escrito e 2 puntos a presentación oral- Claridade e uso da terminoloxía científica: 2 puntos- Capacidade de análise e síntese: 3 puntos- Capacidade de crítica e achega persoal: 2 puntos <p>É obrigada a presentación oral do Traballo Tutelado (con apoio audiovisual) para que poida ser avaliada. A presentación oral será valorada mediante unha rúbrica propia. A entrega na plataforma Moodle e a presentación deberá realizarse en tempo e forma para poder ser avaliadas.</p>	25

Observacións avaliación



O conxunto de metodoloxías de avaliación descritas son obrigatorias para todo o alumnado, agás para os que opten pola adianto de oportunidade e para o alumnado con matrícula parcial.

MATRÍCULA ORDINARIA: A superación da materia está supeditada a que a Proba de Resposta Múltiple (PRM) e o Traballo Tutelado (TT) sexan superados de xeito autónomo polo alumno, que deberá acadar o 50% da nota máxima en cada unha deles. Para obter polo menos o 50% da nota da metodoloxía de Aprendizaxe Colaborativa (AC) é necesario asistir polo menos ao 80% das clases e ter colaborado activamente no 80% das tarefas propostas. A nota final obtense sumando ás porcentaxes da PRM e do TT (sempre que estean superados) a porcentaxe obtida en AC, independentemente do seu valor. O aprobado acadarase cando a suma dos porcentaxes resulte igual o maior ao 50%. No suposto de que a PRM e o TT estean aprobados, pero non o AC e a suma dos porcentaxes non alcance o 50%, neste caso o alumnado estará suspenso e deberá presentarse na segunda oportunidade á PRM para poder alcanzar una nota superior, de xeito que a suma das porcentaxes alcance o 50%.

A avaliación do TT e da AC está condicionada á participación e ao traballo en grupo, polo que se algún membro non supera esta condición no caso concreto do TT, deberá volver a entregalo e presentalo individualmente na segunda oportunidade (sendo autoridade do profesorado a asignación dun tema diferente se a situación o requira).

Na segunda oportunidade da materia respectarase a nota da PRM ou do TT (sempre que se superen na primeira oportunidade) e manterase a nota obtida na primeira oportunidade en AC (independentemente do seu valor), cuxa porcentaxe se sumará á nota obtida nas outras dúas metodoloxías. No caso de que o TT non fose aprobado na primeira oportunidade, o traballo entregarase o día sinalado para a segunda oportunidade da PRM a través de Moodle, realizándose a exposición oral máis tarde, pero sempre dentro do período establecido para os exames.

MATRÍCULA PARCIAL: No caso do alumnado con matrícula parcial, ten dúas opcións, na primeira debe desenvolver e presentar o TT individualmente ou en grupo (previa solicitude á profesora) e realizar a PRM. Nesta primeira opción, o TT suporía o 40% da avaliación e a PRM o 60% (sendo preciso superar ambas metodoloxías para acadar o aprobado). Para optar a esta opción, o alumnado con matrícula parcial deberá solicitala vía correo electrónico despois da sesión inicial de actividades e antes da primeira sesión semanal de grupos de 20 persoas. De non solicitar esta primeira opción, as metodoloxías e porcentaxes serán as indicadas no apartado de avaliación, podendo realizar o TT individualmente ou en grupo (previa solicitude á profesora). No caso de que o TT se realice de forma individual, a planificación da súa presentación axustarase ao disposto no apartado 5 do artigo 7 do Regulamento que dicta o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC, debendo solicitar a dispensa que lle exige do resto da asistencia nos termos sinalados pola normativa. En todo caso, a asistencia será obrigatoria cando se teña previsto desenvolver, segundo o calendario, as tarefas de AC.

ADIANTO DE OPORTUNIDADE: Neste caso a Proba de Opción Múltiple suporá o 100% da avaliación.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá ser obtida polos alumnos que teñan un mínimo de 9, tendo preferencia os que obtiveran a nota máis alta. En caso de igual puntuación e haxa máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumno que obtivese a maior nota na metodoloxía de maior peso porcentual.

Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Ademais dúas das competencias xerais que debe adquirir o alumnado dentro do grao e da materia son B20 e B24; a primeira é a sensibilidade cara temas medioambientais e a segunda sinala a necesidade de fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnos e alumnas.
- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Martínez JR, Del Pino R (2020). Manual práctico de enfermería comunitaria. BARCELONA: EISEVIER - Acinas P et al. (2018). Enfermería Familiar y Comunitaria. Formación Alcalá - Martin A, Jodar G (2018). Atención Familiar y Salud Comunitaria: Conceptos y Materiales para Docentes y Estudiantes. BARCELONA: ELESEVIER - Campo A (2009). Enfermería comunitaria. Madrid: Difusión Avances de enfermería - Frías A (2000). Salud Pública y educación para la salud. Masson - Arias JM, Blanco ML, Constenla A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmovilizado no domicilio CIÓN EN ENFERMERÍA COMUNITARIA. LOS SISTEMAS Y PROGRAMAS DE SALUD.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade ICANA. - (2017). Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde. Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servicio Galego de Saúde. Dirección Xeral de Asistencia S - NANDA International (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. MADRID: Elsevier - Moorhead S, Swanson E, Johson M, Maas ML (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) . BARCELONA: Elsevier - Butcher HK, Bulechek G, Dochterman JM, Wagner CM (2019). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). BARCELONA: Elsevier - Lunney M (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. MADRID: Elsevier Masson
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - (). https://papps.es/resumen-recomendaciones-2020/. - (). https://obsaludasturias.com/obsa/guia-de-recomendacion-de-activos-en-el-sistema-sanitario/. - (). https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Prevencion/alcohol/Limites_Consumo_Bajo_Riesgo_Alcohol.htm. - (). https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Estrategia/estrategiaPromocionyPrevencion.htm. - (). https://estilosdevidasaludable.sanidad.gob.es/. - (). https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Cribado/cribadoCancer.htm. - (). https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/home.htm.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Biología/661G01002
 Nutrición/661G01009
 Farmacología/661G01011
 Enfermería Comunitaria I/661G01014
 Enfermería da Saúde Mental/661G01015
 Ética profesional, marco legal e filosofía do cuidado/661G01016
 Estancias Clínicas I/661G01025
 Estancias Clínicas II/661G01026
 Enfermería Clínica I/661G01034
 Enfermería Clínica II/661G01035
 Fundamentos de Enfermería/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/661G01017
 Enfermería materno-infantil/661G01018
 Enfermería Xerontolóxica/661G01020
 Xestión dos servizos da Enfermería/661G01021



Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/661G01028

Practicum/661G01032

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--